

A ESCOLA DA VIDA

Orientar aos absentistas

01.05.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

A pasada semana a Asociación de Pedagogos de Galicia (Apega) celebrou na Coruña as súas xornadas anuais, que nesta ocasión dedicou aos temas da orientación e o absentismo. Pola súa parte, o Ministerio de Educación sacou a consultas as súas propostas para o Pacto Social e Político. Nel fala, entre outros, do obxectivo de mellorar a calidade da educación, e unha das súas propostas fai referencia, como non podía ser doutro xeito, ao absentismo, xa que este é un dos factores que incide en que España sexa un dos países industrializados á cabeza do abandono escolar.

Para efectos prácticos, chámasele absentista a aquel alumno matriculado que deixa de asistir á clase o equivalente a un 20% do tempo lectivo mensual sen unha xustificación axeitada ou, o que é o mesmo, 4 ou 5 días. Para resolver este problema, o Ministerio puxo en marcha no curso 2004/05 o Plan PROA (Programas de Reforzo, Orientación e Apoio). Un plan que está a ser bastante exitoso cos alumnos dos centros de educación primaria e secundaria que perderon a súa motivación polo estudo, ao non seren capaces de seguir o ritmo normal da clase ou polas súas necesidades educativas especiais. A súa implantación iniciouse en 143 centros e, na actualidade, xa hai 3.343 adscritos a el. O seu financiamento é compartido polas comunidades autónomas e mais polo propio Ministerio, ascendendo neste curso a case cen millóns de euros.

Para os participantes nas xornadas de Apega, o desenvolvemento do Plan está sendo bo, aínda que insuficiente, pois os centros inscritos no plan requiren contratar cada ano máis persoal para poder atender todos os alumnos que o necesitan. Entre as causas desta necesidade está o verse desbordados polas demandas das familias con fillos absentistas que non teñen estes recursos nos centros nos que estudaron o curso anterior. O Ministerio de Educación propón para o pacto continuar aumentando as partidas orzamentarias do Plan, ao tempo que o estende cara a idades máis temperás co fin de erradicar o problema nas súas raíces. Porén, debería engadir a esas expectativas, a de implicar a todos e cada un dos centros, xa que absentistas hainos en todos, e cada quen debería buscarlles solucións aos seus problemas sen que ningún alumno teña que cambiar de centro por non obter alí resposta aos seus problemas.